

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 1084** *Real decreto 40/2010, do 15 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 2242/1984, do 26 de setembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de condimentos e especias.*

O Real decreto 2242/1984, do 26 de setembro, polo que se aproba a regulamentación técnico sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de condimentos e especias, define o que se entende por especias para uso na alimentación, as cales están constituídas polas plantas ou partes delas que pola súa cor, aroma ou sabor característico se destinan á elaboración de alimentos co fin de lles incorporar estas características.

Así mesmo, con carácter enunciativo, non limitativo, enuméranse nesa norma as denominacións das diferentes especias que se clasifican segundo a parte vexetal que lles confire a súa acción e, ademais, no anexo sinaláanse as características de composición e calidade a que se deberán axustar.

Actualmente, a evolución do mercado e dos gustos dos consumidores españois, afeitos a utilizar especias provenientes doutros países, así como o auxe destas especias na oferta gastronómica, fomentou que existan no mercado certas especias que son demandadas polos consumidores e que non están recollidas de maneira explícita na normativa.

En consecuencia, co fin de adecuar a lexislación á realidade do mercado e garantir a leal competencia das industrias, considerouse oportuno modificar o mencionado Real decreto 2242/1984, do 26 de setembro, co obxecto de introducir na clasificación do artigo 5 as denominacións de cinco especias: alforba ou fenogreco (*Trigonella foenum-graecum*), alfábega (*Ocimum basilicum*), aneto (*Peucedanum graveolens*), Kalonji ou nixela (*Nigella sativa*) e pementa rosa (*Schinus terebinthifolius*), non previstas anteriormente, así como as correspondentes especificacións de calidade a que se deberán axustar, que se incorporan no cadro do anexo da dita norma.

No proceso de tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados, e emitiu informe favorable a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Ademais, foi sometido ao procedemento previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora esta directiva ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, da ministra de Economía e Facenda, do ministro de Industria, Turismo e Comercio e da ministra de Sanidade e Política Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de xaneiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2242/1984, do 26 de setembro, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de condimentos e especias.*

O Real decreto 2242/1984, do 26 de setembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de condimentos e especias, queda modificado como segue:

Un.–O artigo 5 modifícase da seguinte forma.

a) No número 5 introdúcese un novo subnúmero 5.16, coa seguinte redacción:

«5.16 Pementa rosa.–Froitos sans, limpos, enteiros ou moídos e desecados de «*Schinus terebinthifolius* Raddi.»

b) No número 6, introdúcese dous novos subnúmeros 6.15 e 6.16, respectivamente, coa seguinte redacción:

«6.15 Alfábega.–Follas e sumidades sas, limpas e desecadas de «*Ocimum basilicum*» (L.).

6.16 Aneto.–Follas e sumidades sas, limpas e desecadas de «*Peucedanum graveolens*» (L.).»

c) No número 8 introdúcese os seguintes subnúmeros 8.4, 8.5 e 8.6:

«8.4 Aneto.–Sementes sas ou limpas de «*Peucedanum graveolens*» (L.).

8.5 Alforba ou fenogreco.–Sementes sas e limpas de «*Trigonella foenum-graecum*» (L.).

8.6 Kalonji ou nixela.–Sementes sas e limpas de «*Nigella sativa*» (L.).»

Dous.–Incorpórase unha disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Recoñecemento mutuo.*

Os requisitos desta regulamentación non se aplicarán aos produtos legalmente fabricados e/ou comercializados de acordo con outras especificacións nos outros Estados membros da Unión Europea, nin aos produtos orixinarios dos países da AELC Partes Contratantes no Acordo EEE nin aos Estados que teñan un acordo de asociación alfandegueira coa Unión Europea.»

Tres.–No cadro do anexo engádense as seguintes especias coas súas correspondentes características de composición, da seguinte forma:

Esencias	Humidade — Porcentaxe máxima	Cinzas T. — Porcentaxe máxima	Cinzas Ins. CLH — Porcentaxe máxima	Extracto etéreo — Porcentaxe	Fibra bruta — Porcentaxe máxima	Nitróxeno — Porcentaxe mínima	Esencia — Porcentaxe mínima
Alfábega ⁽²⁾	12	16	2,0	—	—	—	0,5 ⁽¹⁾
Alforba ⁽³⁾ (fenogreco).	11	7	1,5	—	—	—	—
Aneto semente.....	12	10	2,5	—	—	—	—
Aneto folla.....	8	15	2,0	—	—	—	—
Kalonji (nixela).....	8	12	2,0	—	—	—	—
Pementa rosa.....	14	7	1,8	—	—	—	—

(1) Os contidos mínimos de esencia aplicaranse aos produtos non tratados por vapor.

(2) Segundo ISO 11163:1995.

(3) Segundo ISO 6575:1982.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de xaneiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ